



## Protocolo de intercambio de maletas viaxeiras entre centros

A recollida e devolución das maletas viaxeiras será o seu lugar de localización, sendo este por defecto as dependencias da Asesoría de Bibliotecas escolares situada no seguinte enderezo:

**Asesoría de Bibliotecas escolares de Galicia**  
*Subdirección Xeral de Centros e Recursos Humanos*  
*Dirección Xeral de Centros*  
*Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria*

*San Caetano, s/n*  
*15781 Santiago de Compostela*  
*(Tlf.: 981 546 547 | 881 997 330 | 881 997 637 )*

De todos xeitos un centro interesado pode poñerse en contacto ben co centro precedente ou co centro seguinte na reserva dunha maleta viaxeira para concretar a recollida ou devolución directamente entre ambos centros. Neste caso deberá procederse como se indica a continuación:

- O centro interesado porase en contacto co centro seguinte ou anterior para concretar a recollida ou devolución da maleta viaxeira (data, lugar, hora, medio de transporte...)
- **A continuación o centro interesado porase en contacto coa Asesoría de Bibliotecas escolares para poñer en coñecemento da mesma que o intercambio se fará de forma directa entre os centros.**
- Desde a Asesoría de Bibliotecas escolares enviarase un documento (PDF) ao centro que recolle a maleta viaxeira para que verifique o contido e estado da mesma no momento da recepción.
- Este documento deberá ser asinado pola persoa responsable da recepción da maleta e remitirse por correo electrónico (PDF) ao enderezo: [asesoria.bibliotecas@edu.xunta.es](mailto:asesoria.bibliotecas@edu.xunta.es).

**Importante:** o número de intercambios directos de maletas viaxeiras entre centros non poderá ser superior a **3**, debendo pasar novamente a maleta viaxeira polas dependencias da Asesoría de Bibliotecas escolares.

Asesoría de Bibliotecas escolares

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2014.